




Carlos Casares

Carlos Casares

1º e 2º de primaria

Día das letras galegas 2017



Carlos Casares Mourino naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941.

Era fillo de Francisco e Manuela e tivo dous irmáns, Mercedes e Xavier. Con eles viviu, dende os tres anos, na vila ourensá de Xinzo de Limia.

Estudou no Seminario de Ourense e na universidade de Compostela.

A súa primeira obra publicouna cando tiña vinte e seis anos e tiña por título «Vento ferido».

Publicou unha chea de obras para nenos e nenas: «A galiña azul», «As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas», «Lolo anda en bicicleta», «O can Rin e o lobo Crispín», «Toribio ten unha idea», «Toribio e o contador de contos»...

Foi membro da Real Academia Galega e dirixiu a Editorial Galaxia, que publicaba libros en galego.

Casou coa sueca Kristina Berg coa que tivo dous fillos: Hakan e Christian.

Este ano 2017 a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras.



CARLOS CASARES MOURINO



«O CAN RIN E O LOBO CRISPÍN» CONTA A HISTORIA DUN CAN MOI SABIDO QUE CONSEGUE DOMESTICAR UN LOBO.

1.- Que sabes de Carlos Casares?

► Onde naceu Carlos Casares?

► Cal era o título do seu primeiro libro?

► Escribe o título de dous libros da serie de Toribio.

► Que editorial dirixiu Carlos Casares?

2.- Completa o texto con seis palabras do recadro.

Casares Galegas Galaxia Academia fillos Xinzo 2017 Letras
--

Foi membro da Real

 Galega.

Dirixiu a Editorial

 .

Tivo dous


 : Hakan e Christian.

Este ano

 adícaselle o Día das

 .

3.- Resolve o encrucillado con datos da biografía de Casares.







HORIZONTAIS

- 1.- Apelido do homenaxeado no día das Letras Galegas de 2017.
- 2.- Nome da nai de Carlos Casares.
- 3.- Vila ourensá na que viviu parte da súa infancia.


VERTICAIS

- 1.- Cidade na que naceu Casares.
- 2.- Cal era o nome de Casares?
- 3.- Nome do pai.
- 4.- Cidade galega na que estudou Filoloxía.

4.- Cambia os debuxos polas letras correspondentes e descobre o título dunha obra de Carlos Casares e arredéaa.



5.- Completa o encrucillado cos títulos de obras de Carlos Casares.



1.- «_____ ferido».

2.- «Lolo anda en _____».

3.- «A _____ azul».

4.- «O can Rin e o lobo _____».

5.- «Toribio ten unha _____».

6.- «Toribio e o _____ de contos».


1.- VENTO 2.- BICICLETA 3.- GALIÑA 4.- CRISPÍN 5.- IDEA 6.- CONTADOR

Cando tiña seis anos, Lolo fixo unha cousa que desgustou moito os seus pais. Unha mañá de verán, porque quería ser bo, ergueuse cedo, meteuse na cociña e púxose a preparar o almorzo. Como aínda era moi pequeno e sabía pouco, colleu unha pota e foi botando dentro dela azucre, fariña, marmelada, macarróns, chocolate, leite, azafrán e sal. Despois púxose a remexer todo aquilo ata que chegaron os seus pais, que levaron un desgusto enorme pola desfeita.

«Lolo anda en bicicleta», Carlos Casares



1.- Rodea aqueles utensilios que poidas usar na co-
ciña.



2.- Escribe o nome de tres pratos que tomarías para
cear.

▶

▶

▶

3.- Separa e conta as sílabas.

AZUCRE ► ►

MARMELADA ► ►

LEITE ► ►

AZAFRÁN ► ►

CHOCOLATE ► ►



4.- Como se chama o protagonista da historia? Cantos anos ten?

5.- Que parte do día é?



6.- Que estación do ano aparece no relato?

7.- En que parte da casa ocorre a historia?

8.- Que quixo facer Lolo?

9.- Puxéronse os seus pais contentos?

10.- Que alimentos tomas ti no almorzo?

11.- Colorea como se indica e atoparás un dos ingredientes que empregou Lolo.

1 vermello


3 castaño

5 branco

2 laranxa

4 rosa


6 azul



Cal é o ingrediente?

12.- Que botou Lolo dentro da pota? Atopa na sopa de letras os ingredientes do recadro.

AZUCRE FARIÑA MARMELADA MACARRÓNS
CHOCOLATE LEITE AZAFRÁN SAL



13.- Completa cum menú inventado por ti.

MENÚ DO DIA				
PRIMEIRO PRATO				
<table border="1"><tr><td></td></tr><tr><td></td></tr><tr><td></td></tr></table>				
	SEGUNDO PRATO			
	<table border="1"><tr><td></td></tr><tr><td></td></tr><tr><td></td></tr></table>			
SOBREMESA				
<table border="1"><tr><td></td></tr><tr><td></td></tr><tr><td></td></tr></table>				

14.- Une co contrario.

BO 

☒ GRANDE

CEDO 

INVERNO

MAÑÁ ☐

☐ BARATO

CARO

☐ NOITE

VERÁN ☐


 **MALO**

PEQUENO ☐

☐ TARDE

Era un lobo espantoso. Ao primeiro quedou mirando fixo para o médico, como se o quixese comer dun bocado. Despois adiantou dous pasos cara a el e seguiu mirando, pero desta vez cos ollos máis ben postos no pescozo do cabalo. Estivo así como uns tres minutos e logo achegouse aínda máis. Entón empezou a bater co rabo contra o chan con tanta forza que retumbaba na terra como se pasasen por alí catro mil cabalos ao galope, e preparou os dentes para o ataque.

«O can Rin e o lobo Crispín», Carlos Casares




O CAN RIN E O LOBO CRISPÍN—

1º e 2º


1.- Cales destes animais son domésticos? Arrodeaos.
Escolle un e fai un debuxo.

LOBO	CADELA	OVELLA	LEÓN	XIRAFÁ	COELLO
FOCA	PORCO	BALEA	GALIÑA	ASNO	RATO



O MEU ANIMAL DOMÉSTICO PREFERIDO

2.- Con quen se atopou o lobo? Pinta.



3.- Completa as seguintes oracións.

Quen me cura é a

Quen deseña un edificio é a



Quen me vende a froita é o

Quen me ensina é o... .

A fixo unha rica empanada.


Quen me arranxa o coche é o

4.- Que quixo facer o lobo Crispín co médico? Segue as pistas e averíguao.



5.- Escribe na imaxe os nomes dos recadros.

OLLOS	PESCOZO	DENTES
FOCIÑO	ORELLA	POUTAS



6.- O noso protagonista é un lobo. Saberías nomear ou inventar os títulos de tres contos nos que apareza un lobo?

A horta dunha casiña de planta baixa.


Hai árbores, un pozo, un galiñeiro e a caseta dun can.

O can chámase Paulino. A galiña que habita no galiñeiro entende por Petra.

Diante da casa, ao pé da porta color vermella de dúas follas e debaixo dunha fiestra, hai un mazadoiro de pedra. As fiestras son amarelas.

Nunha árbore vense, dependuradas, cinco laranxas enormes. As laranxas máis grandes do mundo. A árbore está dentro da horta, pero tan pegada ao muro, que unha laranxa pende sobre o camiño que pasa por alí.

«As laranxas máis laranxas de todas as laranxas», Carlos Casares



1.- Cal é o colectivo destes grupos de animais?

PAXARO



OVELLA



ABELLA



PEIXE





PITIÑO



FORMIGA





FORMIGUEIRO ROLADA ENXAME BANDADA CARDUME RABAÑO

2.- Lembra o texto e completa.

► A horta dunha casaña de planta


► O can chámase

► A galiña entende por

► Unha árbore está ... da horta.

► Unha laranxa pende sobre o


3.- Le de novo o texto e debuxa a casa, a horta, a árbore, o can, a galiña... e colorea.





4.- Na horta hai 5 regos con 10 plantas cada un. Debúxaos e calcula cantas plantas hai en total.

--	--

5.- O texto fai referencia ás laranxas. Escribe as tres froitas que máis che saben e debúxaas.








6.- Pinta os produtos que podemos atopar na horta.



7.- Atopa na seguinte sopa de letras o nome de seis árbores froiteiras e escríbeas.



P	F	D	H	Q	U	E	A	H	L
Q	R	F	Q	D	P	U	P	R	A
B	X	M	A	C	E	I	R	A	R
P	A	R	F	F	R	B	L	I	A
L	L	I	M	O	E	I	R	O	N
C	E	R	D	E	I	R	A	Ñ	X
T	D	S	R	M	R	I	A	D	E
V	L	D	S	G	A	O	D	L	I
X	T	Q	Ñ	E	A	F	Q	Z	R
A	E	N	O	G	U	E	I	R	A

LARANXEIRA LIMOEIRO NOGUEIRA PEREIRA CERDEIRA MACEIRA

C		R	D			R							
M		C			R			P		R		R	
								N		G			R
L		M				R							
						L		R		N	X		R